Kittel, Harald et al., **Übersetzen - Translation - Traduction. Ein internationales Handbuch zur Übersetzungsforschung**, de Gruyter,

Stolze, Radegundis, **Die Fachübersetzung : eine Einführung**, Günter Narr,

Josef Wergen, Annette Wörner, **Im Griff, Bürokommunikation DEUTSCH**, Ernst Klett Sprachen GmbH,

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

É responsabilidade do estudiantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma MOOVI (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Terminoloxía en tradución				
Materia	Terminoloxía en tradución			
Código	V01M128V11237			
Titulación	Máster Universitario en Tradución para a Comunicación Internacional			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Galanes Santos, Iolanda Gloria			
Profesorado	Fernández Rodríguez, Áurea Galanes Santos, Iolanda Gloria			
Correo-e	iolag@uvigo.es			
Web	http://paratraduccion.com/limiares/terminoloxia/			
Descrición xeral	Neste curso trátanse contidos terminolóxicos relacionados coa tradución e a interpretación de textos especializados. A modo de introdución, realízase unha caracterización da terminoloxía e das linguas de especialidade, dos ámbitos temáticos, dos xéneros textuais e das tipoloxías documentais. Analízanse os problemas terminolóxicos de tradución, a importancia do traballo de corpus para documentar solucións e as estratexias tradutoras, así como o concepto de variación terminolóxica, homonimia, polisemia (metáfora terminolóxica) e sinonimia.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	CB6 - Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/o aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
A2	CB7 - Que o estudantado saiba aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en novas contornas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados co seu eido de estudo.
A3	CB8 - Que o estudantado sexa quen de integrar coñecementos e encarar a complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta o limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas ligadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	CB9 - Que o estudantado saiba comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sin ambigüedades
A5	CB10 - Que o estudantado posúa as habilidades de aprendizaxe que lle permita continuar estudando dun xeito que en gran medida será autodirixido o autónomo.
B1	Dominar as ferramentas tecnolóxicas e informáticas especializadas e coas metodoloxías de investigación máis relevantes que permitan planear e executar a investigación e interpretar os seus resultados para ampliar o coñecemento, así como para utilízalos nos contextos profesionais.
B4	Adquirir coñecementos, habilidades e destrezas no campo da tradución especializada e da mediación cultural
B6	Saber identificar un obxecto de investigación, formular hipótese, empregar unha metodoloxía apropiada, analizar e presentar resultados
B7	Comprender o proceso tradutolóxico como un fenómeno holístico e transversal
B8	Ser quen de integrar os coñecementos adquiridos e ter capacidade para enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir de contornas novas ou pouco coñecidas e cunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
C1	Capacidade para aplicar os principios prácticos da investigación empírica en T/I na súa dobre vertente experimental e observacional e para desenvolver o procesamento da información na súa aplicación ao estudo de T/I.
C2	Capacidade para deseñar traballos experimentais, observacionais e estudos de campo en T/I e para desenvolver na práctica eses principios mediante a elaboración, presentación e discusión de proxectos reais de investigación empírica en T/I.
C6	Saber fomentar as boas prácticas de reciprocidade social en investigación, animando á persoa investigadora a alimentar o diálogo universidade-sociedade mediante a observación directa e o contacto necesarios coa sociedade na que vive.
C9	Dominar as habilidades de redacción dun traballo de investigación empírica.
D1	Construír unha visión holística dos fenómenos de tradución, interpretación e paratradución en relación con outras actividades e disciplinas científicas
D2	Dominio das distintas ferramentas TIC de axuda á tradución, xestión de memorias, procesamento de textos, fluxo de traballo, programas específicos para distintas especialidades (subtitulaxe, localización, tradución técnica, edición, etc.)

D4	Aprender a deseñar, planificar e realizar un traballo empírico de investigación, xa sexa observacional, experimental ou un traballo de campo, entrevista ou cuestionario para a investigación
D5	Asimilar as achegas teóricas de interese mutuo entre os estudos tradutolóxicos e outras disciplinas relacionadas.
D6	Planificación e desenvolvemento de ensaios escritos e presentacións que conteñan formulacións orixinais, utilicen unha metodoloxía rigorosa, e establezan os parámetros de interpretación crítica adecuada sobre a relación entre tradución/ interpretación e outras disciplinas.
D9	Capacidade de aprendizaxe autónoma e continua dos contextos técnicos e teóricos relacionados co proxecto de investigación co cal se está colaborando.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
O alumnado que supere esta materia será quen de contrastar a terminoloxía do texto orixinal e as posibles solucións terminolóxicas do texto meta, con espírito crítico, especialmente no referido á avaliación de ferramentas terminográficas, lexicográficas e documentais para a tradución especializada	A2 A3	B1 B7 B8	C1 C2	D1 D2 D5 D9
O alumnado que supere a materia deberá demostrar que sabe aplicar unha metodoloxía sistemática de investigación terminolóxica no referido á constitución de corpus, extracción de termos, identificación de candidatos a termo e tratamento semántico destes	A2 A3 A5	B1 B4 B7 B8	C1 C2	D1 D2 D6 D9
O alumnado será capaz de explicar a sinonimia, a homonimia e a variación terminolóxica nas linguas de especialidade e nos textos orixinal e traducido, con explicitación dos procedementos de decisión terminolóxica	A2 A3 A4	B4 B7 B8	C1 C6	D1 D2 D5 D9
Os contidos do curso están orientados a aprender a xustificar con argumentos técnicos e científicos calquera solución terminolóxica no traballo de tradución e interpretación	A1 A2 A3 A5	B6 B7 B8	C1 C2 C6 C9	D1 D4 D5 D6 D9
O alumnado que curse a materia integra nas súas competencias as técnicas de investigación en terminoloxía para a tradución e a interpretación especializadas	A1 A3 A4 A5	B1 B6 B7 B8	C1 C2 C9	D1 D4 D5 D6 D9

Contidos

Tema	
1. Introducción á terminoloxía	A terminoloxía como disciplina. Termo vs. Palabra. Terminoloxía vs. Lexicografía. Terminoloxía vs. Terminografía
2. Fontes de documentación terminolóxica para a tradución e a interpretación. Métodos e produtos terminográficos	Tipos de fontes. Documentación xeral Documentación especializada. Documentación lexicográfica e terminolóxica. Documentación terminográfica Modelos de xestión terminolóxica
3. Xestión terminolóxica en tradución e interpretación. Problemas terminolóxicos	Problemas terminolóxicos en tradución e interpretación. Protocolo de consulta de fontes Extracción terminolóxica Árbore conceptual A variación terminolóxica. Tipos de variantes
4. Neoloxismos e metáforas	Clasificación Criterios de identificación
5. Terminoloxía e lingüística de corpus	Conceptos básicos sobre documentación
6. Tipos de corpus: Definición	Tipos: monolingües, bilingües, multilingües. Criterios de selección segundo nivel de especialidade, unidade temática, unidade do período, diacronicidade e lugar
7. Aplicación práctica	Constituír un corpus útil para o traballo de Tradución e interpretación

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	5	25	30
Resolución de problemas	2	6	8
Estudo de casos	2	20	22
Traballo tutelado	3	70	73
Presentación	2	10	12
Exame de preguntas obxectivas	0	3	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Descrición xeral da materia. Obxectivos. Competencias. Planificación. Avaliación
Lección maxistral	Sesións de exposición de contidos teóricos básicos en fórmula dialóxica co alumnado
Resolución de problemas	Resolución en aula de modo individual ou en grupo de exemplos de problemas e estratexias tirados de casos reais
Estudo de casos	Achegamento á estrutura nociónal dunha determinada área de coñecemento. Análise dos textos e fontes documentais
Traballo tutelado	Todo o alumnado deberá elaborar de modo individual un traballo seguindo as directrices que as docentes proporcionan en horas de aula e o seu asesoramento individualizado en sesión de tutoría
Presentación	O alumnado deberá presentar os resultados do traballo tutelado, ante os seus compañeiros/as e docentes

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	As actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou en tutorías. Para o seguimento do curso utilizarase a plataforma Moovi: https://moovi.uvigo.gal/ , así como as aplicacións do Campus Remoto da Universidade de Vigo

Avaliación		Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
	Descrición					
Lección maxistral	A sesión maxistral avaliarase por test (avaliación única) ou por asistencia presencial ou mixta (avaliación continua). Durante o curso as docentes irán comprobando a adquisición de coñecementos na aula a través da fórmula dialóxica. Se a situación o require afianzarán os coñecementos e comprobarán as competencias adquiridas a través de formularios tipo test PARA O ALUMNADO NON ASISTENTE O TEST SERÁ OBRIGATORIO (20 %)	20	A2 A3 A4	B4 B7 B8	C1 C6 D5 D9	D1 D2 D5 D9
Resolución de problemas	Durante o curso proporánse distintos exercicios de identificación de termos, análise de variación terminolóxica, terminoloxía metafórica, etc. Para amosar que se adquiren esas competencias o alumnado debe elaborar un corpus de extracción terminolóxica como apoio ao traballo tutelado	20	A2 A3	B1 B7 B8	C1 C2 D6 D9	D1 D4 D6 D9
Traballo tutelado	Cada estudante deberá presentar un traballo de investigación orixinal en que amose a adquisición de competencias. Trátase dun traballo individual, dirixido en aula, e con apoio a través de Moovi e de ser o caso do Campus Remoto da Universidade de Vigo.	40	A2 A3 A5	B1 B4 B7 B8	C1 C2 D6 D9	D1 D2 D6 D9
Presentación	Valorarase a claridade e precisión da presentación do traballo. Tamén será obxecto de atención a corrección e adecuación formal na exposición de contidos especializados	10	A1 A2 A3 A5	B6 B7 B8	C1 C2 C6 C9 D6 D9	D1 D4 D5 D6 D9
Exame de preguntas obxectivas	As lecturas obrigatorias de cada sesión serán avaliadas oralmente na aula. De modo alternativo e se fose necesario as docentes resérvanse a posibilidade de valorar os contidos teóricos a través de proba obxectiva, que computará o 10 %	10	A2 A3 A4	B4 B7 B8	C1 C6 D5 D9	D1 D2 D5 D9

Outros comentarios sobre a Avaliación

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi ou do Campus Remoto e estar ao tanto das datas de entrega de traballos, probas etc. Este curso está formulado para alumnado asistente ás aulas na súa modalidade presencial ou mixta.

A **avaliación continua** implica a asistencia regular a clase (presencial ou mixta) ou no seu defecto a tutorías, a entrega dos traballos e exercicios que se requiran en proporción non inferior ao 80 %. A avaliación realizarase con base no traballo de aula e nos exercicios (20 %), a avaliación das lecturas obrigatorias (10 %) e mais na entrega e defensa dun traballo de investigación orixinal individual, elaborado segundo as indicacións das docentes. A avaliación do traballo realízase en dúas partes: constitución de corpus (20%) e traballo escrito (40 %). O traballo deberá ser defendido oralmente de xeito presencial

ou, no seu defecto, a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo (10 %). A defensa do traballo realizarase fóra do período de docencia.

Avaliación única: O alumnado que opte pola avaliación única será avaliado con base nun test sobre contidos de teoría (20 %) e un traballo de investigación individual orixinal elaborado segundo as indicacións das docentes. Este traballo será entregado por escrito (70 %) e será obxecto de defensa oral (10 %). A defensa do traballo realizarase fóra do período de docencia.

En segundas e posteriores convocatorias: o alumnado de avaliación continua presentará por escrito un traballo de investigación orixinal e individual elaborado con base na corrección e avaliación da primeira convocatoria. Pola súa banda, o alumnado de **avaliación única** deberá realizar un **test de contidos teóricos (20 %)** e presentar por escrito un **traballo de investigación** orixinal e individual (80 %) elaborado segundo as indicacións e titorización das docentes. Na avaliación do traballo teranse en conta o **corpus documental compilado (20 %)**, a **explotación das lecturas obrigatorias** así como outras lecturas que amplifiquen os contidos **(20 %)**, o propio **traballo escrito (40 %)** e a súa **presentación (10%)**.

Para superar a materia cómpre que se superen cada unha das partes que se avalían (mínimo 5/10 en cada proba). En todo caso, as docentes resérvanse o dereito a realizar unha proba teórica para comprobar que se adquiriron os coñecementos teóricos da materia. Será obxecto de sanción (0 puntos) o plaxio total ou parcial (incluída IA) en calquera dos traballos ou test que se presenten a avaliación.

As metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas tanto na modalidade mixta como na presencial.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Fernández Rodríguez, Á., **La terminología en/para la traducción de textos especializados.**, Comares, 2013

Fernández Rodríguez, Á., **La traducción económica del concepto a la denominación. El caso de activo financiero**, 2016

Fernández Rodríguez, Á./ Galanes Santos, I., **La crise hypothécaire et ses dénominations**, 2015

Fernández-Silva, S., **A investigación sobre variación terminológica: avances actuais e desafíos metodolóxicos.** En **González, M.; Sánchez-Palomino, M.D. e Veiga.I. (eds.) pp. 39-65.**, Iberoamericana, Vervuert, 2018

Galanes Santos, I., **El redactor periodístico ante el neologismo. Estrategias comunicativas para reexpresar los conceptos de la crisis económica mundial**, En: Montero Küpper, Silvia; Montserrat Vázquez Ges, 2019

Galanes Santos, I., **La crisis económica mundial: un concepto complejo con múltiples denominaciones**, 2016

Galanes Santos, I./ Fernández Rodríguez, Á., **La economía está enferma - l'économie est malade. Cronología de la crisis a través de la terminología metafórica**, ONOMÁZEIN Número especial V, 114-133, 2019

Montero Martínez, S.; Buendía, M.; Faber Benítez, P., **Terminología para traductores e intérpretes: una perspectiva integradora**, 2ª edición, Tragacantos., 2011

Sánchez Manzanares, C., **La traducción de neologismos semánticos por metáfora. Variables y soluciones.** En: **Guerrero Ramos y Perez Lagos, pp. 243-258.**, Comares, 2020

Medhat-Lecocoq, H., **Terminologie comparée et Traduction. Approche interdisciplinaire**, Paris: Éditions des archives contemporaines, 2021

Bibliografía Complementaria

Cabré, M. T.; Freixa, J.; Tebé, C., **Terminología y conocimiento especializado: III Simposio Internacional de Verano de Terminología** Las fuentes del conocimiento especializado y la terminología, Institut Universitari de Lingüística Aplicada, 2003

Cabré, M. T., **La clasificación de neologismos. Una tarea compleja**, Alfa, São Paulo, 50 (2), pp. 229-250, 2006

Lakoff, G. & Johnson, M., **Metaphors We Live By**, The University of Chicago Press, 1980

L'Homme, M. C. / Faber, P., **Theoretical Perspectives on Terminology: Explaining terms, concepts and specialized knowledge**, John Benjamins Publishing, 2022

Recomendacións

Outros comentarios

É responsabilidade do estudiantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma MOOVI (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Textos e discursos especializados: Tradución de textos do ámbito da biomedicina**

Materia	Textos e discursos especializados: Tradución de textos do ámbito da biomedicina			
Código	V01M128V11238			
Titulación	Máster Universitario en Tradución para a Comunicación Internacional			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Sánchez Trigo, María Elena			
Profesorado	Sánchez Trigo, María Elena			
Correo-e	etrigo@uvigo.es			
Web	http://paratraduccion.com/limiares/biomedicina/			
Descrición xeral	Esta materia está concibida como unha introdución ás características da tradución de textos biomédicos. Preténdese ofrecer unha base que permita: a) Coñecer os aspectos específicos da tradución de textos biomédicos b) Coñecer fontes e recursos de documentación c) Coñecer liñas de investigación que se están desenvolvendo en relación coa tradución de textos biomédicos. d) Iniciar unha posible liña de traballo tanto desde o punto de vista profesional como investigador			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	CB6 - Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/o aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
A2	CB7 - Que o estudantado saiba aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en novas contornas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados co seu eido de estudo.
A4	CB9 - Que o estudantado saiba comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sin ambigüedades
A5	CB10 - Que o estudantado posúa as habilidades de aprendizaxe que lle permita continuar estudando dun xeito que en gran medida será autodirixido o autónomo.
B1	Dominar as ferramentas tecnolóxicas e informáticas especializadas e coas metodoloxías de investigación máis relevantes que permitan planear e executar a investigación e interpretar os seus resultados para ampliar o coñecemento, así como para utilízalos nos contextos profesionais.
B2	Dominar os elementos principais das disciplinas máis relevantes relacionadas coa tradución e interpretación, especialmente a historia, a antropoloxía, a filosofía, a socioloxía, a semiótica, a teoría da literatura, a política, a economía, os estudos culturais e os estudos de xénero.
B3	Dispor dun espírito crítico e reflexivo, áxil e práctico ante fenómenos culturais que transvasan as fronteiras lingüísticas e culturais
B4	Adquirir coñecementos, habilidades e destrezas no campo da tradución especializada e da mediación cultural
B5	Adquirir as habilidades de revisión e corrección de textos traducidos.
B6	Saber identificar un obxecto de investigación, formular hipótese, empregar unha metodoloxía apropiada, analizar e presentar resultados
B7	Comprender o proceso tradutolóxico como un fenómeno holístico e transversal
C1	Capacidade para aplicar os principios prácticos da investigación empírica en T/I na súa dobre vertente experimental e observacional e para desenvolver o procesamento da información na súa aplicación ao estudo de T/I.
C2	Capacidade para deseñar traballos experimentais, observacionais e estudos de campo en T/I e para desenvolver na práctica eses principios mediante a elaboración, presentación e discusión de proxectos reais de investigación empírica en T/I.
C3	Capacidade para analizar, recoñecer e avaliar a transcendencia ideolóxica e sociocultural dunha política de tradución para unha cultura ou comunidade
C5	Recoñecer e categorizar como tradutoras moitas prácticas sociais e multimodais que, dependendo das normas establecidas, non son habitualmente recoñecidas como tales. Como consecuencia, promover a lexitimidade destas prácticas, tanto profesionais como ocasionais, e incrementar a dimensión teórica dos estudos de tradución e interpretación.

C6	Saber fomentar as boas prácticas de reciprocidade social en investigación, animando á persoa investigadora a alimentar o diálogo universidade-sociedade mediante a observación directa e o contacto necesarios coa sociedade na que vive.
C7	Coñecer a nivel avanzado os métodos de investigación empírica máis importantes aplicables a contornas laborais concretos da interpretación, en especial nos servizos públicos e nas conferencias internacionais.
D1	Construír unha visión holística dos fenómenos de tradución, interpretación e paratradución en relación con outras actividades e disciplinas científicas
D2	Dominio das distintas ferramentas TIC de axuda á tradución, xestión de memorias, procesamento de textos, fluxo de traballo, programas específicos para distintas especialidades (subtitulaxe, localización, tradución técnica, edición, etc.)
D3	Coñecer a nivel avanzado os métodos de investigación empírica máis importantes aplicables a contornas laborais en especialidades e disciplinas relacionadas coa tradución e a interpretación
D4	Aprender a deseñar, planificar e realizar un traballo empírico de investigación, xa sexa observacional, experimental ou un traballo de campo, entrevista ou cuestionario para a investigación
D5	Asimilar as achegas teóricas de interese mutuo entre os estudos tradutolóxicos e outras disciplinas relacionadas.
D6	Planificación e desenvolvemento de ensaios escritos e presentacións que conteñan formulacións orixinais, utilicen unha metodoloxía rigorosa, e establezan os parámetros de interpretación crítica adecuada sobre a relación entre tradución/ interpretación e outras disciplinas.
D7	Poder avaliar o capital social, económico e simbólico dos distintos axentes que interveñen nos distintos procesos relacionados coa tradución /interpretación.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1) Coñecer as características específicas da tradución de textos médicos.	A1	B1	C1	D1
	A2	B2	C2	D2
	A4	B3	C3	D3
	A5	B4	C5	D4
		B5	C6	D5
		B6	C7	D6
		B7		D7
2) Coñecer as principais fontes e recursos de documentación	A1	B1	C1	D1
	A2	B2	C2	D2
	A4	B3	C3	D3
	A5	B4	C5	D4
		B5	C6	D5
		B6	C7	D6
		B7		D7
3) Coñecer as principais liñas de investigación que se están desenvolvendo en relación coa tradución de textos médicos	A1	B1	C1	D1
	A2	B2	C2	D2
	A4	B3	C3	D3
	A5	B4	C5	D4
		B5	C6	D5
		B6	C7	D6
		B7		D7
4) Iniciar unha posible liña de traballo tanto desde o punto de vista profesional como investigador.	A1	B1	C1	D1
	A2	B2	C2	D2
	A4	B3	C3	D3
	A5	B4	C5	D4
		B5	C6	D5
		B6	C7	D6
		B7		D7

Contidos

Tema	
1. A tradución de textos biomédicos	1.1 Medicina e tradución: caracterización xeral do ámbito e dos textos 1.2. Análise de problemas de tradución e estratexias tradutoras
2. Recursos e ferramentas de documentación para a tradución de textos biomédicos	2.1 A documentación na tradución de textos biomédicos 2.2. Principais recursos para a tradución de textos biomédicos
3. A investigación sobre textos biomédicos en tradución	3.1. Análise de xéneros e convencións textuais

NOTA: Nos diferentes temas tomaranse como punto de partida exemplos en francés e en inglés e a súa tradución ao castelán.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	8	40	48
Debate	2	10	12
Eventos científicos	2	2	4
Traballo tutelado	2	16	18
Resolución de problemas de forma autónoma	0	43	43
Actividades introductorias	1	0	1
Proxecto	1	23	24

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Seminario	Clases de presentación dos contidos da materia. Servirán para: a) introducir as diferentes unidades do programa b) sistematizar aspectos e problemas abordados c) propor puntos de debate d) establecer as directrices e guiar as actividades que deben realizar os/as estudantes.
Debate	Debate sobre diversas cuestións que propoñan en relación cos contidos do programa. Poden ser en clase ou a través da plataforma docente.
Eventos científicos	Presentación dun subdominio temático do ámbito da biomedicina por un experto. De ser necesario pode ser sustuído por outra actividade equivalente que permita coñecer o devandito ámbito.
Traballo tutelado	Exercicios sobre diferentes contidos do programa que se realizarán durante o período de sesións de clase.
Resolución de problemas de forma autónoma	Conxunto de actividades máis extensas sobre os temas abordados para entregar despois do período de docencia.
Actividades introductorias	Presentación dos diferentes aspectos da materia en relación con: contidos, planificación e metodoloxía docente e sistema de avaliación. Resolveranse as posibles dúbidas en relación con estas cuestións.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Actividades introductorias	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais. Para facilitar o seguimento de o curso, utilizarase a plataforma Moovi https://moovi.uvigo . A docente tratará de sistematizar as dúbidas, as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo de maneira que se garanta o acceso a información ao ensino/aprendizaxe.
Seminario	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais. Para facilitar o seguimento de o curso, utilizarase a plataforma Moovi https://moovi.uvigo . A docente tratará de sistematizar as dúbidas, as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo de maneira que se garanta o acceso a información e ao ensino/aprendizaxe.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Seminario	Participación activa nas sesións	5	
Debate	Participación activa nas sesións	5	C1 D1 C2 D2 C3 D3 C5 D4 C6 D5 C7 D6 D7
Eventos científicos	Participación activa nas sesións	5	
Traballo tutelado	Realización duns exercicios sobre diferentes contidos do programa que se proporán durante o período de sesións de clase (indicaranse as datas concretas na primeira sesión de clases).	15	C1 D1 C2 D2 C3 D3 C5 D4 C6 D5 C7 D6 D7

Resolución de problemas de forma autónoma	Realización dunhas actividades máis extensas sobre os temas abordados para entregar (indicaránse a(s) data(s) concreta(s) na primeira sesión de clases).	40
Proxecto	Elaboración dun encargo de tradución que incluírá: análise do TO, tradución, comentario de problemas/dificultades e referencias consultadas (indicarase a data concreta na primeira sesión de clases).	30

Outros comentarios sobre a Avaliación

As probas que conforman a avaliación entregaranse en español ou galego (de acordo coa elección do/ a estudante).

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais da materia a través da plataforma Moovi [https:// moovi. uvigo](https://moovi.uvigo), así como estar ao tanto das cuestións que se abordan e das datas das entregas das probas que conforman a materia.

Esta materia, como todas as do máster, é de asistencia presencial. Os/as estudantes que por motivos xustificadas documentalmente non podan asistir presencialmente deben poñerse en contacto coa docente na primeira semana do curso.

1) Primeira edición de actas:

□ Avaliación estudantes presenciais: para poder ser avaliado/a con as porcentaxes indicadas será necesario asistir e participar activamente nas sesións presenciais (debates, traballos tutelados, etc.) así como entregar tódalas actividades que se proporán ao final das unidades temáticas (Resolución de problemas de forma autónoma 40% y Proyecto 30%). Nas sesións presenciais precisarase as características destas probas, as datas de entrega e o sistema de entrega (subir á plataforma Moovi). Estas cuestións indícanse tamén na documentación que figura en Moovi.

□ Avaliación estudantes que por motivos xustificadas non asistan ás clases: deben poñerse en contacto coa docente na primeira semana do curso. A súa avaliación incluírá: Traballo tutelado (20%), Resolución de problemas de forma autónoma (40%) e Proxecto (40%). Nas sesións presenciais precisarase as características destas probas, as datas de entrega e o sistema de entrega (subir á plataforma Moovi). Estas cuestións indícanse tamén na documentación que figura en Moovi.

****NOTA para todos/ as estudantes**: para poder ser avaliado/a, hai que realizar e entregar todas as probas avaliadas previstas na mesma edición de actas. Non se pode entregar na 1ª ed. de actas unha parte e na 2ª ed. de actas outra (nin uns bloques/ tipo de actividades nunha edición e outros noutra ou outros casos similares). En caso de non facelo como se indica, na acta figurará NP.

2) Segunda edición de actas:

□ Os/as estudantes que non superen a materia na 1ª edición de actas ou non se presenten nesa 1ª convocatoria, poden facelo na 2ª edición de actas. A avaliación incluírá as seguintes probas: Resolución de problemas de forma autónoma (60%) e Proxecto (40%). Entregarase no prazo que indique ao comezo das sesións da materia e co sistema de entrega previsto (subir á plataforma Moovi). Estas cuestións indícanse tamén na documentación que figura en Moovi.

****NOTA**: para poder ser avaliado/a, hai que realizar e entregar todas as probas previstas. En caso de non facelo como se indica, na acta figurará NP.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- MONTALT RESURECCIÓ, V. y M. GONZÁLEZ DAVIES., **Medical translation Step by Step**, St Jerome Publishing, 2007
- HOOF, H. van, **Précis pratique de traduction médicale (traducción al español: Diccionario práctico de traducción médica)**, Comares, 1999
- QUÉRIN, S.(ed), **Traduction médicale et documentation / Medical translation and documentation**, 2001
- ROULEAU, M., **La traduction médicale. Une approche méthodique**, (2ème éd. revue et mise à jour), Linguatex, 2011
- SOURNIA, J.Ch., **Traduction et terminologie médicale / Medical Translation and Terminology**, 1986
- FISBACH, H. (ed), **Translation and Medicine**, John Benjamins, 1998
- NAVARRO, F.A., «Repertorio de siglas, acrónimos, abreviaturas y símbolos utilizados en los textos médicos en español», <https://shre.ink/x0hi>, Panace@. Vol. IX, n.º 27, pp. 55-59, 2008

Bibliografía Complementaria

- FAURE, P. (dir.), **Les langues de la médecine**, Peter Lang., 2021
- MABROUKI, K. Y F. BOSCH (coords.), **Redacción científica en biomedicina: Lo que hay que saber**, Cuadernos de la Fundación Dr. Antonio Esteve Nº 9, 2007
- GUTIÉRREZ RODILLA, B. M. y F.A. NAVARRO GONZÁLEZ, . **La importancia del lenguaje en el entorno biosanitario**, : Fundación Dr. Antonio Esteve <http://www.esteve>, 2014
- HAMILTON, H. y S. Ch. WEN-YING (eds), **The Routledge Handbook of Language and Health Communication**, Routledge, 2014

MONTALT, V., ZETHSEN, K. y KARWACKA, W. (COORDS), **Current challenges and emerging trends in medical translation / Retos actuales y tendencias emergentes en traducción médica**, MonTI, 10 <https://shre.ink/Dj1u>, 2018

MUÑOZ MIQUEL, A., **La traducción médico-sanitaria: profesión y formación**, Comares, 2023

LÓPEZ RODRÍGUEZ, CL. y SÁNCHEZ CÁRDENAS, B., **Theory and Digital Resources for the English-Spanish Medical Translation Industry**, Peter Lang, 2021

SUSAMSARAEVA, S. y SPIVAKOVA, E., **The Routledge Handbook of Translation and Health**, Routledge, 2012

CREZEE, I., MIKKELSON, H. y MONZON-STOREY, L., **Introduction to Healthcare for Spanish-speaking Interpreters and Translators**, John Benjamins, 2015

FRIEDMAN, L. D. y JONES, J. (EDS.), **Routledge Handbook of Health and Media**, Routledge, 2023

Recomendacións

Outros comentarios

Os/as estudantes que cursen a materia de maneira presencial deben integrarse e participar na mesma desde a data de inicio.

Para poder seguir o sistema de traballo previsto na materia hai que asistir ás clases cun computador portátil.

Para facilitar o seguimento da materia todos os contidos do curso estarán dispoñibles na plataforma docente Moovi <https://moovi.uvigo> á que terán acceso os estudantes matriculados na materia.

Nivel de español mínimo recomendado: nivel B2 segundo o Marco Europeo de Referencia.

De acordo coa normativa da Uvigo si nas actividades/exercicios que hai que entregar detéctase que estes (ou algunha dos seus partes) son plaxios ou que non son de autoría propia, a cualificación dos mesmos será 0. Alegar descoñecemento destas cuestións non eximirá ao alumnado de responsabilidade en relación coas mesmas

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Traballo Fin de Máster				
Materia	Traballo Fin de Máster			
Código	V01M128V11239			
Titulación	Máster Universitario en Tradución para a Comunicación Internacional			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Ferreiro Vázquez, Óscar			
Profesorado	Ferreiro Vázquez, Óscar			
Correo-e	oferreiro@uvigo.es			
Web	http://http://paratraduccion.com/limiares/tfm/			
Descrición xeral	O Traballo de Fin de Mestrado (TFM) forma parte como módulo, materia ou disciplina, do plan de estudos de todo título oficial de mestrado. O traballo de fin de mestrado é un traballo persoal e orixinal tanto no título como nos contidos, que cada estudante realizará de maneira autónoma baixo tutorización docente, e debe permitirlle mostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título. En ningún caso, pode ser un traballo presentado con anterioridade polo/a estudante nalgunha materia de calquera titulación nesta ou noutra universidade, aínda que pode integrar ou desenvolver traballos feitos nas actividadesd outras materias da titulación.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
C1	Capacidade para aplicar os principios prácticos da investigación empírica en T/I na súa dobre vertente experimental e observacional e para desenvolver o procesamento da información na súa aplicación ao estudo de T/I.
C2	Capacidade para deseñar traballos experimentais, observacionais e estudos de campo en T/I e para desenvolver na práctica eses principios mediante a elaboración, presentación e discusión de proxectos reais de investigación empírica en T/I.
C3	Capacidade para analizar, recoñecer e avaliar a transcendencia ideolóxica e sociocultural dunha política de tradución para unha cultura ou comunidade
C4	Saber establecer un método de traballo de campo cuxas hipótese non estean condicionadas polo estado da cuestión clásico en tradutoloxía.
C5	Recoñecer e categorizar como tradutoras moitas prácticas sociais e multimodais que, dependendo das normas establecidas, non son habitualmente recoñecidas como tales. Como consecuencia, promover a lexitimidade destas prácticas, tanto profesionais como ocasionais, e incrementar a dimensión teórica dos estudos de tradución e interpretación.
C8	Saber deseñar, planificar e realizar un traballo empírico de investigación en interpretación, xa sexa observacional, experimental ou un traballo de campo, entrevista ou cuestionario para a investigación.
C9	Dominar as habilidades de redacción dun traballo de investigación empírica.
D1	Construír unha visión holística dos fenómenos de tradución, interpretación e paratradución en relación con outras actividades e disciplinas científicas
D4	Aprender a deseñar, planificar e realizar un traballo empírico de investigación, xa sexa observacional, experimental ou un traballo de campo, entrevista ou cuestionario para a investigación
D5	Asimilar as achegas teóricas de interese mutuo entre os estudos tradutolóxicos e outras disciplinas relacionadas.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Capacidade para analizar, recoñecer e avaliar a transcendencia ideolóxica e sociocultural dunha política de tradución para unha cultura ou comunidade.	C3	
Saber establecer un método de traballo de campo cuxas hipótese non estean condicionadas polo estado da cuestión clásico en traductología.	C2 C4 C8	D4
Recoñecer e categorizar como tradutoras moitas prácticas sociais e multimodais que, dependendo das normas establecidas, non son habitualmente recoñecidas como tales. Como consecuencia, promover a lexitimidade destas prácticas, tanto profesionais como ocasionais, e incrementar a dimensión teórica dos estudos de tradución e interpretación.	C5	
Construír unha visión holística dos fenómenos de tradución, interpretación e paratradución en relación con outras actividades e disciplinas científicas.		D1

Coñecer a nivel avanzado os métodos de investigación empírica máis importantes aplicables a contornas laborais en especialidades e disciplinas relacionadas coa tradución e a interpretación.	C1 C2 C9	
Asimilar as achegas teóricas de interese mutuo entre os estudos traductolóxicos e outras disciplinas relacionadas.		D5
Aprender a deseñar, planificar e realizar un traballo empírico de investigación, xa sexa observacional, experimental ou un traballo de campo, entrevista ou cuestionario para a investigación.	C2 C8	D4

Contidos

Tema

- Título
- Índice
- Resumo
- Introducción e metodoloxía
- Exposición e desenvolvemento
- Conclusións
- Bibliografía
- Anexos

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	0	150	150

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	Cada alumno traballará de forma autónoma pero sempre guiado polo titor que lle fose asignado para a elaboración do TFM. Ademais, contará coas directrices de elaboración, depósito e defensa do traballo tutelado que aparecen publicadas na páxina TFM do sitio web do MTCTI canda o espazo MOOVI creado a tal efecto.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Cada estudante dispón dun titor persoal que supervisará o seu traballo tutela de maneira individualizada. A tutorización consistirá en supervisar e orientar o estudantado na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico relativo ao TFM. Por outra banda, todo o profesorado do máster pode tutorizar o estudantado nos aspectos referentes á súa materia, de ser necesario.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	- O sistema de cualificación será de 0 a 10 puntos. ☐ A materia considerárase superada a partir de 5. ☐ O traballo avaliarase segundo a descrición incluída no apartado "Outros comentarios sobre a Avaliación" desta guía docente.	100	

Outros comentarios sobre a Avaliación

OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN

O estudantado terá dereito a dúas oportunidades de avaliación por curso académico.

As datas de entrega e defensa do traballo de fin de mestrado serán as establecidas de maneira oficial polo Decanato da FFT e notificaránselle ao alumnado con suficiente antelación a través da plataforma de teledocencia e da propia web do MTCTI no apartado TFM.

É responsabilidade do alumnado consultar de forma regular as últimas novidades publicadas na web do MTCTI para estar ao tanto das datas de entrega e presentación do Traballo Fin de Mestrado (TFM).

CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN DO TRABALLO DE FIN DE MÁSTER

1. O/A titor/a realizará a avaliación.

2. Recibirán automaticamente a cualificación de SUSPENSO aqueles traballos plaxiados ou que presenten unha redacción deficiente ou excesivamente informal e/ou que incumpran as normas ortográficas e gramaticais da lingua usada na redacción.

3. O desenvolvemento da sesión de defensa pública do TFM perante o tribunal UNIPERSONAL será o seguinte:

□ Presentación por parte do/a estudante dos aspectos máis relevantes do seu traballo (aprox. 10 minutos).

□ Intervención do/a titor/a, na que se realizarán comentarios e preguntas sobre o traballo presentado (aprox. 10 minutos).

□ Resposta do estudante á intervención do titor (aprox. 5 minutos).

DESGLOSE DOS PORCENTAXES DA CUALIFICACIÓN DO TRABALLO DE FIN DE MÁSTER
Parte A. Valoración do TFM redactado (70%)
Parte B. Presentación e defensa (30%)

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

Os TFM pasarán polo sistema antiplaxio Turnitin antes de seren depositados. O resultado do informe comunicase ao alumnado polo titor/a.

O alumnado seguirá un calendario de seguimento proposto pola coordinación do mestrado para chegar con tempo á convocatoria e así alcanzar os estándares de calidade dun TFM.

É responsabilidade do estudiantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma MOOVI (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.
